



# SÁLVORA: ILLA DAS MULLERES SALVADORAS



LUÍS TEIRA PALEÓN / COFRADÍA DA DORNA DE RIBEIRA / paleon@paleon.net

Cipriana Oujo, Josefa Parada e María Fernández, as heroínas de Sálvora

A illa de Sálvora, con forma triangular, ten algo menos de 190 hectáreas de superficie e dá abrigo na boca da ría da Arousa. Terra metida no mar ou mar metido na terra, esta illa está tinxida de lendas como aquela protagonizada polo cabaleiro Roldán, emparentado cos señores dos Mariño, ou aquela outra que plasmou o poeta Ramón Cabanillas, quen no seu *Na noite estrelecida* a calificou como "lugar sagrado" en que se agochaba a espada Escalibor.

Tamén Sálvora foi escenario de acontecementos históricos reseñables, tales como ser acubillo da flota sarracena que no século XII guerreou contra o todopoderoso arcebispo Xelmírez; ter sido en 1770 o lugar en que se instalou, nunha das súas praias, a primeira fábrica de secado e salgadura de toda a Ría ou, xa en tempos máis recentes, ter constituído unha cómplice muda das épocas de contrabando. Na actualidade forma parte do "Parque Nacional das Illas Atlánticas", creado co fin de conservar o seu entorno e, en especial, os seus ecosistemas mariños.

En 1921 vivían en Sálvora cincuenta e catro persoas, agrupadas en sete familias, que a xeito de colonos, se adicaban a explotar unhas terras que o Estado lles tiña arrendadas por unhas 300 ptas. ao ano. A situación dos habitantes da illa mellorara de xeito substancial desde 1904, xa que ata esa

data a propiedade da illa fora privada, tendo que pagar a metade da produción anual en concepto de foro. Os habitantes da illa non pasaban fame e cultivaban millo, centeo, fabas, etc. Había gando de todo tipo. Sirva como exemplo que en cada casa había cinco ou seis vacas. Na illa había tamén dous hórreos, que se quedaban pequenos en anos de boas colleitas, e mesmo un pombal. Todo iso sen contar coa riqueza mariña das súas costas, que se dá por feito, abundantes en sardiña, luras, mariscos de todo tipo, etc., que se pescaban coa dorna que tiña cada familia. O centro da vida social na illa era unha taberna situada preto do peirao, mais a vida non era nada cómoda en Sálvora e carecíase, por exemplo, de electricidade ou de calquera tipo de comunicación por radio co continente.



Capela e Pazo de Sálvora. Foto: Adela Leiro



Antiga taberna da illa de Sálvora, reconvertida en ermida

Ademais dos caseiros, nesa altura vivían en Sálvora cinco persoas máis, integrantes das familias dos torreiros encargados daquela de velar polo mantemento do vello faro de Sálvora e mais de atender as obras que se estaban facendo para a construción dun novo faro, que sería inaugurado a finais dese mesmo ano de 1921. Os torreiros funcionaban a xeito de intelectualidade, xa que polas noites eran eles os encargados de *poñer escola* á rapazada da illa.

A comezos de 1921, houbo un acontecemento en Sálvora que conmocionou a toda a sociedade do momento e que deixou un pouso aínda presente hoxe nas xentes dos portos próximos á illa. Trátase do afundimento do vapor-correo *Santa Isabel*, que na madrugada do 2 de xaneiro dese ano foi a pique a escasos metros do faro da illa, deixando un trágico balance de 213 persoas mortas.


Aquela noite de fin de ano, moitos dos habitantes da illa foran visitar aos seus familiares na parroquia de Carreira, quedando en Sálvora, maiormente, vellos e vellas e rapazada. O temporal deses días impediu o regreso á illa dos salvareños, tal como tiñan previsto, ao rematar esa festa.

O 1 de xaneiro de 1921 partía d'A Coruña o vapor *Santa Isabel* con destino final en Cádiz, tendo programado na súa ruta facer recalada en Vilagarcía e en Vigo. Nel viaxaban 266 persoas, principalmente emigrantes, que o vapor fora recollendo en varios portos do Cantábrico para levalos á capital andaluza e alí transbordar a pasaxe a barcos

máis grandes, con destino á soñada emigración americana.

O *Santa Isabel* tiña motores propulsados a carbón, que daban unha potencia de 1.330 cabalos e facían xirar dúas hélices de catro pas, capaces de desprazar as cáseque 2.500 toneladas a unha velocidade máxima de 12,5 nós, dentro dunha eslora e manga máximas de 88'85 mts. e 12'19 mts., respectivamente. A maquinaria acompañábase de velame, que aproveitaba o vento e aforraba carbón. Botado en 1916, era un dos barcos máis modernos da "Compañía Trasatlántica Española" e contaba, como medios de salvamento, con máis de catrocentos salvavidas e oito botes, con capacidade total para 390 persoas. Era un barco cómodo e luxoso para os escasos pasaxeiros que se podían permitir pagar un billete de primeira clase; para a maioría dos emigrantes, era o inicio dunha travesía vital cara á que ían amoreados nun sollado.

Esa madrugada do 2 de xaneiro de 1921, o temporal comezou cando o *Santa Isabel* navegaba á



Vapor-correo *Santa Isabel*



altura de Fisterra no medio dunha mesta borraxeira e co mar picado converténdose en groso. Superada Sálvora, o barco intenta virar 90° grados para entrar dentro da ría da Arousa, á procura de abrigo ata chegar ao porto de Vilagarcía, mais non consegue facer a manobra de xeito axeitado para enfiar o carreiro e á 1:30 da madrugada encalla no baixo de Pegar, a uns escasos 150 metros do faro vello da illa de Sálvora.

Coa embestida, o *Santa Isabel* quedou sen electricidade, o que fixo que ficase totalmente ás escuras e co aparello de radio inutilizado. Só puido transmitir unha mensaxe de socorro incompleta, "Estamos encima de las rocas de salv...", facendo imposible que os telegrafistas de "Finisterre Radio" puidesen descifrar axeitadamente a tráxica mensaxe e puidesen tomar as medidas oportunas para iniciar o salvamento.

Rapidamente, o capitán Esteban García súbese á cofa do trinquete de popa para ordenar a evacuación. A pasaxe foise xuntando á popa do barco, xa que afundía de proa. O Santa Isabel quedou atravesado cara ao norte, amosando o costado de babor ás ondas. Isto provocou que todos os botes que se arriaron por ese costado escachasen contra o barco e os cantís da costa. O mar comezou a encherse de cadáveres.

Un dos torreiros do faro comezou a oír berros, que nun principio atribuíu aos rapaces da aldea, mais cando se achegou á súa orixe, constatou que se trataba dun barco encallado nas rochas próximas ao faro e divisou moreas de persoas pedindo auxi-

lio, ben no mar, ben no barco. Rapidamente dirixiuse cara á aldea, distante do faro uns 2 km. e medio.

Avisados os habitantes da illa, dispúxose que se botasen varias dornas ao mar dende a praia da Area dos Bois: unha, tripulada por dous homes maiores, para ir a Ribeira a dar parte do que estaba acontecendo; outra, tripulada tamén por homes, para axudar no rescate e, sobre todo, unha terceira dorna polbeira, tripulada por Josefa Parada, de 25 anos, Cipriana Oujo, de 16, e María Fernández, de 14, que terían un papel fundamental na salvación de moitas vidas. Tiveron que bogar varias millas con mal tempo ata chegar á zona do afundimento e ver como o barco quebraba en tres partes e comezaba a afundirse rapidamente. O mar inzouse de restos do buque e cadáveres.

A dorna das mulleres fixo en total catro viaxes de case dúas millas cada un, entre ondas bravas. Bogando coa dorna auxiliadora, nas primeiras viaxes trouxeron os náufragos entre augas, permitindo que se agarrasen ao costado da dorna. Na derradeira, remolcaron un bote salvavidas con supervivintes a bordo. No transcurso dunha destas viaxes houbo un supervivinte que, coa ansia de subir a bordo á dorna, rompeu un tolete da embarcación.

Os náufragos chegaban a terra desfalecidos e houbo algún que morreu polo camiño debido á hipotermia, cando xa estaba nas mans salvadoras das mulleres. Os máis afortunados foron atendidos e levados a unha caseta preto do peirao, onde



Praia de Sálvora. Foto: Adela Leiro



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:  
Cipriana Crujeiras, Josefa Parada, María Fernández e Cipriana Oujo.

As "heroínas de Sálvora" coas medallas que lles foran concedidas

se fixo unha gran fogueira e se lles deu roupas secas, fregas e licores para entrar en calor. As heroínas de Sálvora rescataron do mar e da morte segura a máis dunha ducia de náufragos.

A dorna que chegou a Ribeira dou parte rapidamente ao axudante de mariña do que estaba pasando e este dispuxo todo para saír inmediatamente cara a Sálvora no pesqueiro *Rosiña*, que estaba no peirao de Ribeira con presión nas caldeiras, disposto a saír cara a Vigo.

Cando chegou o *Rosiña* á zona do afundimento, xa case que non había supervivintes. Cando volveu a Ribeira, trouxo tan só tres náufragos vivos e unha nutrida ringleira de mortos espaxados pola cuberta. Outros pesqueiros como *Virgen del Rosario*, o *Opal*, etc. tamén colaboraron na recollida dos cadáveres do *Santa Isabel*, tanto ese fatídico día como nos posteriores.

Mentres a cidadanía de Ribeira se entregaba en atender aos supervivintes, o vello cemiterio de Ribeira, xa clausurado naquela época, tivo que ser reaberto para poder dar tanta sepultura. O saldo final da traxedia foi de 53 persoas rescatadas e 213 falecidas. Os ribeirenses volcáronse en atender ás vítimas dos terribles feitos.

Tras unha intensa campaña de louanzas na prensa da época, valorando o heroico comportamento

das tres mulleres e máis dunha cuarta, Cipriana Crujeiras, que axudou en terra, todas elas foron obxecto de diversos actos de homenaxe e recoñecemento. Así, por exemplo, as catro mulleres, xunto con seis veciños de Sálvora, foron distinguidos coa "Cruz de Tercera Clase con Distintivo Negro y Blanco" que lles otorgou o "Consejo de Estado". Xunto coa medalla, tamén se lles concedeu unha pensión vitalicia que, co paso do tempo, acabou sendo máis simbólica que outra cousa. Tamén foron recompensadas con 18.000 reais cada unha, aínda que semella que moitas das colectas populares que se organizaron en diversas partes de Galiza e de América non chegaron finalmente ás mans das mulleres en cuestión. Unha desas colectas foi organizada na Coruña pola "Reunión de Artesanos" e nela aportaron unha cantidade, entre outros, ilustres galeguistas como Manuel Lugrís Freire e outros membros da propia "Irmandade da Fala" d'A Coruña.

Por outra banda, o Concello de Ribeira recibiría, pola implicación da súa cidadanía no rescate e atención dos náufragos, o título de "Moi Nobre, Moi Leal e Moi Humanitaria Cidade".

As heroínas de Sálvora foron convidadas a participar en numeros homenaxes populares en diversos puntos da nosa xeografía como Vigo, A Coruña, Vilagarcía, etc. Lamentablemente, sobre elas formouse en certos medios unha lenda negra que as acusaba de roubar nos cadáveres do naufraxio, cuestión esta totalmente falsa coa que se tentou desprestixiar os seus actos de heroísmo.



Homenaxe nas rúas de Vigo ás "Heroínas de Sálvora".

Foto cedida por:  
Gelito Fandiño

## BIBLIOGRAFÍA

- FERNÁNDEZ PAZOS, X.M. (1998): *Sálvora: Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel*. Editorial Coordenadas. Documentación do Arquivo Municipal de Ribeira.  
Diario *Galicia*, Vigo, 12/11/1922  
Xornal *A Nosa Terra*, A Coruña, 1/02/1921  
Diario *El Ideal Gallego*, A Coruña, números do 4/01/1921 ata 10/9/1921.